João Baveca

Rubrica
Par Deus, amigos, gram torto tomei
e de logar onde m'eu nom cuidei:
estand'ali ant'a porta d'el-rei
preguntando por novas da fronteira,
por ũa velha que eu deostei,
deostou-m'ora Maria Balteira.

Veed'ora se me devo queixar
deste preito, ca nom pode provar
que me lhe oísse nulh'homem chamar
senom seu nome, per nulha maneira;
e pola velha que foi deostar,
deostou-m'ora Maria Balteira.

Muito vos deve de sobérvia tal
pesar, amigos, e direi-vos al:
sei mui bem que [se] lh'est[o] a bem sal,
todos iremos per ũa carreira;
ca, porque dixe d'ũa velha mal,
deostou-m'ora Maria Balteira.

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026